

# Cartafol da **Língua**

## Especial S.Valentín

Nº 6



Ola compañeiros/as!

Para esta ocasión, presentaremos un número especial de S.Valentín no que o propio Cupido será o protagonista.

Esperamos que sexa do voso agrado, pois para este novo número da revista, como ben sabedes, estamos totalmente sós. Agora somos nós os nosos propios xefes, sen tabús nin censuras e con faltas e erros.

Creamos que será unha revista bastante orixinal, con enquisas ós alumnos e tamén ós mestres. Totalmente innovadora.

¿Qué vos deparará o ano neste século? ¿cal foi para vos a miss e o mister instituto? ¿e de mestres? ¿que opinades do traballo dos nosos educadores?... se queredes sabe-las respuestas a estas interrogantes, abride o novo Cartafol da Lingua e disfrutade coas opinións de algúns dos vosos compañeiros do instituto.

Antes de despedirmos temos que agradecervos toda a vosa colaboración connosco e á vez, pedímosvos tamén un pequeno favor:

Non sei se sabedes que non hai moito, produciúse no Salvador, unha terrible catástrofe natural que deixou a miles de persoas sen nada. Toda a vosa axuda, por mínima que sexa, é grande para eles. Colaborade e axudade a aqueles que máis o necesitan; entre todos, podemos construír un mundo mellor. Os xoves temos que dar exemplo.

Sen máis, cos nosos mellores deseños, esperamos que sexa do voso agrado. PREGO & MESÍAS

# Miss e mister instituto

## As dúas caras de S. Valentín

### A FAVOR

San Valentín, ¿que sentes ti cando escoitas esta palabras? Eu penso nun día fermoso, e isto non quere decir que faga sol ou calor, non, un día é fermoso vaia frío, chova ou caia en luns. É fermoso porque é o dia dos namorados; e ¿ que é namorarse? Isto é algo que ocorre poucas veces na vida de un, refírome a que sexa correspondido.

É fermoso ( e xa sei que me repito) porque te levantas pensando ¿ que me porei hoxe? Algo vermello por suposto. Cando saes da casa e vas para o insti todo o mundo emocionado "recibiu dúas cartas" e ti preguntaslle "¿a velas?" e de súpito atopas: "querote moito como a troita ó troito" ; pero é que que todos puxeron o mesmo? Así van para poetas:

Pero mellor é cando nos chega aquela coaúa tarxeta chea de horrendos corazóns e que dentro pon algo así como: " cada día que me levanto e non podo verte, morro de dor..." e arrepia tanto que non dan ganas de seguir, e ¿non lle dá vergonha? Co bonito que é un simple "quérote" acompañado cunha rosa bonita "sen espiñas".

¡ Ai ! que fermoso día, saes do insti, pasas a recolle-lo teu irmán a escola e os rapaces/as: "5x5", "veinticinco" " o primeiro rapaz que che toque é o teu mozo".

Buf! Daquela cantos tiñamos, e ningún celoso. Pero o más fermoso é cando recibes a túa primeira rosa de S.Valentín e tódalas túas amigas mortas de envexa, e non digamos se o teu mozo/a é guapo...

Bueno, todo hai que dicilo, é un fermoso día cheo de inspiración, amor, desvergoña ( para poder ensinar orgullosos certas cousas) e ledicia. Así que espero que cando cheguedes a casa vos estea esperando no salón un bonito ramo de rosas vermelhas cunha tarxetiña que poña: "quérote moito como a troita ó troito".  
**CARMEN PARGA**

### EN CONTRA

Otro ano máis por S.Valentín a historia de tódolos anos; un montón de mozos e mozas pensando nun agasallo para a persoa á que queren neste día tan comercial. E eu pregúntome, ¿ten que ser neste día especialmente? ¿por que cada un non demostra o seu amor á súa parella cando lle da a real gana en troques de mandar hoxe unha tarxetiña chea de corazoncitos que toda a clase ten igual? Porque ese é outro tema... Contade tódolos regalos orixinais que tivéchedes por S. Valentín, ¿ a que vos chegan os dedos da man? E todo porque seguramente quen vo-lo dou non pensaba comprarche algo especial para ti, para demostrar o seu amor, se non face-lo mesmo que fan os seus colegas coas súas mozas. Pero no caso de que non me fagades caso a todo o que estou a dicirvos e decidades irdespois das clases a comprarlle un regalo ó mozo/moza, eleideo ben, por favor. E se non tedes un ano mellor, ás veces os regalos materiais, por custar más non son mellores, ¿ vale?.  
**VANESA VARELA.**

Neste número especial de San Valentín quixemos buscar ó rapaz e á rapaza 10 do noso instituto, e o cartafol proba que se plantexa, proba que supera. Non imos a gritar como Penélope Cruz na gala dos Oscars, non imos estar nerviosos como Xavier Bardem nos Globos de Ouro nin tampouco imos chorar como os de "compañeiros" nos TP de ouro 2000.

Pero como todo concurso que se precie non poden faltar os finalistas:


Daniel Sarmiento Pena de 2ºESO B  
Jose Antonio Jimenez García 4ºESO B  
Sabela Bermúdez Miguez COU 2

Chegados a este momento e cos finalistas xa descubertos só falta dicir eso de ... O RAPAZ E RAPAZA 10 SON:  
**SERGIO HERNÁNDEZ COU2**  
**LUCÍA SEOANE 1º BACH B**


### SANTI MALVÁREZ

### E aquí están as porcentaxes dos profes más quapos e sexys do instituto.

A xente de este instituto quere saber e aprender moitas cousas, pero non todo vai ser mirar para os libros. A vista, en ocasións, mira outra clase de cousas, aquí está só a opinión dos alumnos sobre esos outros detalles:



<input type="checkbox"/> 1. J. LUIS	52%
<input type="checkbox"/> 2. J. CARLOS	26%
<input type="checkbox"/> 3. J. ARNOT	22%



<input type="checkbox"/> 1. OLGA LÓPEZ	77 %
<input type="checkbox"/> 2. PILAR.G.LÓP EZ	20 %
<input type="checkbox"/> 3. M. JOSE M. LÓPEZ	3 %

**MESTRES 10: OLGA E X.LUIS** Acabáronse as clases aburridas de historia e xeografía porque chegou o profesor máis guapo e sexy de toda a historia e pre-historia do instituto, con un 45% dos votos, X.Luis é o vencedor. Ela pon a música nos nosos corazóns, trae ritmos ás monotonas mañás e por unha aplastante maioría do 77% dos votos Olga convertiuse na miss teacher dos alumnos. Cartafol quería ser o 1º en felicitalos...

**C. ¿como vos sentídes agora que ademais de ser os más guapos estades entre os más xustos e simpáticos?**

O. Faime moita ilusión saber o que pensan de mí os alumnos, sobre todo o que se refire á simpatia e o de ser xusta, non me importa tanto o de ser a más guapa.

X.L Eu penso que todo eso é relativo, depende de moitas cousas e no fondo é unha tontería.

**C. Pero agora seguiremos outros camiños ¿por que decidíchedes estudiar historia e música? ¿foi algo casual ou sempre o soupéchedes?**

O. Pois, algo casual, unha prima miña (que para mí é como a miña irmá) comezou a estudiar piano e eu comecei con ela, ainda que tiven momentos de querer deixalo, seguin. Agora as dous somos profesoras de instituto.

X.L Casual non, circunstancial si. A medida que ia estudiando foime gustando máis a historia da arte e acabei por especializarme neso.

**C. Agora que chega S.Valentín...¿regalaredes algo por S.Valentín ou pensades que é algo comercial?**

O. Tódalas datas agora son algo comercial ainda que me encanta S.Valentín e que teñan un detalle para mí e eu telo tamén.

X.L Non, penso que é algo absolutamente comercial

**C. ¿Sodes románticos?**

O. Moitísimo, encantanme as velas, as rosas, todo o romántico.

X.L Penso que teño o meu corazonciño, depende o que se interpreta por romántico.

**C. Unha cor:**

O. Verde

X.L Ningunha especial, pon o azul

**C. Un número:**

O. 15 por poñer un pero non teño ningún número especial.

X.L O 7

**C. Unha data:**

O. 18 de Xulio, día en que naceu o meu irmán

X.L Ningunha ou varias, ningunha en concreto.

**C. X.Luis ¿saberías decir cantas semicorcheas sei. ten unha redonda?**

X.L Mira que ben, tería que contalas 16, 32, non sei.

**C. e ti Olga ; en que século estabamos no ano 2000?**

O. Creo que no XX ¿non?...paréceme... ata o 2001, no s.XX creo que sí.

**C. ¿Unha anécdota da vida de estudiante?**

O. Unha sentada na que nos quedamos toda a noite no instituto e eu fui moi feliz co meu saco debaixo do brazo pola festa que tiñamos, non polo motivo da folga, non recordo porque foi.

X.L Unha vez que lle dixen á profesora que tiña a cremalleira baixada. Custoume a nota.

**C. Unha persoa especial:**

O. A miña avoa

X.L Calquera persoa normal e corrente que pelexa coa vida, ainda que non a coñeza.

**C. Referíndonos á música...; que é o que vos gusta escutar?**

O. Un pouco de todo, non teño un grupo favorito, depende do estado de ánimo e a situación. No coche escuto techno.

X.L Escuto de todo, depende dos momentos vas descartando moita música que antes che gustaba. Últimamente escuto Jazz.

**C. Unha canción:**

O. Unha balada

X.L "Sophisticated Lady", de Billie Holiday e "Homburg", de Procol Harum

**C. E cando ides ó cine ; que películas escolledes?**

O. Encántanme as románticas con final feliz, de acción con patadas, chaves e karate...e tamén as de debuxos animados pola banda sonora, pola animación.

X.L Vou moi pouco ó cine, vexo máis pelis na TV, non me gustan de acción, gustanme máis de relacións humanas, amor, enfermidade...

**C. Unha película:**

O. "Con faldas y a lo loco", encántame Marilyn Monroe

X.L "Estación central Brasil"

**C. Un libro ou unha novela:**

O. "Pálida como la luna", de M.Higgins Clark

X.L "Rayuela" de J. Cortazar, pero todo o de Bohumil Hrabal.

**C. Un lugar:**

O. Meirás, polos acantilados

X.L Praga

**C. A hora de comer ;cal é o voso plato favorite?**

O. Paella e marisco

X.L Como de todo, pero gústame o peixe.

**C. ¿por qué credes que vos escollerón a vos como mestres 10?**

O. Pola xuventude

X.L Terían que explicalo os que me votaron

**C. Por último unha pregunta un tanto difícil de responder ;cantos anos tedes e cando os cumplídes?**

O. Teño 24 anos e cumple o 19 de Agosto, son Leo.

X.L Cumple o 27 de Abril e nacín no 61, botade contas e son Tauro.

**VERO FDEZ E SANTI MALVÁREZ**

## ¿E ti que opinas?

"De amor tamén se morre". Así é como titularon o seguinte artículo que nada ten que ver con *Romeo e Xulieta*, pero si que teñen algo en común: a morte por amor.

*7 de Xaneiro de 1986 – Unha historia de amor ocupa a prensa do corazón.*

*Trátase do caso de dous estudiantes de Patterson, preto de San Francisco : Felipe Garza, de 15 anos, e Donna Ashlock, de 14. Donna, afectada dunha*

*grave lesión cardíaca, necesitaba con urxencia un trasplante de corazón. Felipe, locamente namorado dela, dixo á súa nai: "Vou morrer pronto, e desexo que o meu corazón sexa transplantado a Donna".*

*Dous días despois, o rapaz falecía dunha embolia cerebral. A nai, lembrando o patético desexo do seu fillo, doou o corazón a Donna. E esta vive agora co corazón do seu amado.*

Entrega-la vida á persoa que amas é, dende logo, o xesto de amor por excelencia, pero e ti ¿que farías por amor? ¿demostráche-lo algunha vez? O orgullo, o medo, os complexos, a superficialidade... fan unha coiraza sobre nós que impide deixar saír todo o noso afecto. Pero se tes a sorte de poder desprenderte dessa coiraza, de deixar a un lado todo resentimento, rencor, e tódolos teus prexuizos. Non fagas demostracións de cartos, fai demostracións de cariño; este permanece sempre, pero os regalios estúpidos quedan olvidados nunha caixa de zapatos... O igual que o rapaz do artículo, non esperes ó 14 de Febreiro para facer mostras de afecto, porque, sabes? O amor poderá ter un día de homenaxe, pero o verdadeiro amor non se atopa en ningún calendario.

PATRICIA TEIJEIRO MARTINEZ

## A polémica: M. Porta

¿Nunca vos preguntachedes como será o noso profesor de educación física, Manuel Porta? ¿queredes saber que é o que lle gusta, por se a última hora hai que facerlle chantaxe en Xuño? Pois agora contarémosche todo o que pasa pola súa mente, porque sobre todo a entrevista está chea de sinceridade.

Pois si, o profesor de educación física é Leo, encántalle os nomes de Marta (pola súa filla) e o de Pablo (por gustarille a obra de Pablo Picasso). E... ¿sabedes onde podedes atopar a Manuel Porta se, ocasionalmente, lle toca a quiniela? Pois en Cancún, xa que lle encantaría ir ata alí unha tempada. Referido ás ciencias a Porta encántalle o número 7 (di que lle da sorte) e á hora de quedarse cunha data, quédase coa data da súa boda (11/11/91). Encántalle escutar música clásica e a Francisco nos ratos libres e a súa canción favorita é "Latino" e na literatura, le bastante a Miguel Hernández.

Ó preguntarille un personaxe ó que admira sen dúbida contestou que a calquera persoa que traballe pola humanidade sen pedir nada a cambio.

E agora, unha volta ó pasado ata os seus tempos estudiantís Manuel debía de pasalo bomba en clase xa que a considera moi divertida e positiva, e todo o que se propuxo conseguiuno. Pero sen dúbida a súa anécdota más divertida foi en 4º de reválida, cando o seu irmán se fixo pasar por él nun exame e se repartian as asignaturas ¡que listo!

Manuel Porta estudiou no Inef de Madrid, onde se sente orgulloso por se-lo primeiro da súa promoción. No ámbito deportivo foi campeón de España de medio fondo e autor de dous libros sobre o deporte "La preparación física en el ámbito educativo y deportivo" e "La técnica individual y colectiva en el fútbol".

¿Pero, todo este talento é vocacional ou foi algunha vez obrigado a algo...? totalmente vocacional, Manuel veu que tiña boas facultades físicas e unha grande facultade para realizar actividades físicas e decidiu aproveitar ese don.

Pero... ¿que pasa co instituto? ¿e que non ten nada que decir sobre nós?: a Manuel encántalle estar no IES Mugardos e di que ten uns alumnos moi "majos". Encántalle falar cos seus amigos cos que se leva moi ben, pero sen dúbida os seus favoritos son Juan Carlos, Rafa, Anxos e Concha ós que considera "moi parecidos". E a gran pregunta ¿que pasa co ximnasio? Pois Porta non ten moi claro que se vaia rematar este ano, pois ata que se sequen as paredes non se pode continuar coas obras, pero quizais a finais de curso... per Manuel di que os seus alumnos están en moi mala forma, en xeral, (só nos da un aprobado de 5) así que as nosas instalacións non virían nada mal.

Por último as expectativas para este ano: segui-lo seu labor no noso instituto, que o ximnasio estea rehabilitado e facer novas cousas.

SANTI MALVÁREZ E VANESA VARELA.

## A música máis romántica

Aproveitando que se achega o tan esperado, por algúns dia 14 de Febreiro, cabe mencionar a aqueles grupos que lle adicaron unha ou más cancións a ese rei do sentimento: o AMOR. Algunas din que cando te enamoras, sentes bolboretas no estómago, outros menos "románticos" din que non son más que flatulencias ou gases; pero o que todo o mundo sabe é que cando te enamoras dunha persoa, ocupas gran parte da túa cabeza en pensar nela, o que fai que esteas na pola a maioría do tempo. O amor é o sentimento internacional.

Boa proba diso temolo na infinitade de grupos que durante tódolos tempos viñeron adicando cancións súas a falar do amor, e para que non esquencernos de ningún, Olga e más eu fixemos unha orixinal lista de grupos e solistas que fan dese sentimento.

Comenzando pola A de Amor, están a nórdica Alanis Morissette, a latinoamericana Amparo Sandino e Anastasia, así como o noso cantautor Alejandro Sanz, as All Saints... Coa B de bico, temos ós Backstreet Boys, xunto coa xove Britney Spears, o grupo Bon Jovi, Bob Marley, Bob Dylan e sen esquecer ós románticos Brian Adams e Babyface, así como Billie Peper.

Coa C de caríño, temos tamén a varios artistas. Dende Cristina Aguilera ata Cómplices, pasando por Chayanne, The Cranberries e Camilo Sesto que morre de amor e o guapo Carlos Baute.

Coa letra E de Entusiasmo, temos a artistas tales como Eros Ramazzotti, Enrique Iglesias, o británico Elton John, ou o xa desaparecido Elvis Presley.

Coa letra F de Felicidade, está Francisco Céspedes, que cando namora ten unha vida loca, loca, loca, e o quinteto (e nunca mellor dito) Five.

Coa letra G de Ganas de ser correspondido temos á cubana Gloria Estefan, ós Guns n'roses e Gray Davis.

Coa J, ainda que non haxa en galego, temos a Jon Secada, Jennifer López, o veterano Julio Iglesias, Junco ou José el Francés, así como Joaquín Sabina e Jose Luis Perales.

Coa L de Loucura, están Luis Miguel, Laura Pausini, Los Panchos, La oreja de Van Gogh, que chegan tarde o 28 pero non o 14, La Unión, a galega Luz Casal, tamén Los Trío e por último Lou Reed.

Coa M de Marabilloso, aparecen Marcela Morelo, Melón Diesel, Maná e Mecano así como Mago de Oz, igual que outra galega como Marta Sánchez ou Mark Knopfler, Mónica Naranjo que vive en liberdade, sen esquenciar ó rei Michael Jackson.

Coa N de Namorados, temos a Nino Bravo, que voa libre coma o mar, Noelia, Niña Pastori, Nek e o grupo N'Sync.

Coa letra O de Obnubilados, están os irmáns OBK.

Coa letra R de Rompecorazóns, están cantantes da talla de Raúl, Ricky Martin, a tinerfeña Roxana ou REM. Tamén Roxette, o inglés Robbie Williams, e ¡ como non ! Rosendo. Sin darnos conta xa chegamos á letra S de Suspiro. Con esta letra están Sergio Dalma, que baila pegado, Sting, Shania Twain, Simply Red, que visten de vermello paixón, o "carrocilla" Santana, e Sempre así.

Coa T de "aqui hai tomate" están a mexicana Thalia, a xoven ( e non a outra que non cambia) Tamara, The Beatles, Tahures.Zurdos ou as tres xovencinhas Tess.

Coa U de Único, aparece o grupo U2, e coa V de Verdadeiro están Víctor Manuel e Ana Belén. Xa para rematar, coa W de "wherever you are I'll always love you", temos ós Westlife e á diva Whitney Houston, así como os Wet, Wet, Wet.

En conclusión, compañeiros, o Amor comeza con un Bico de Cariño dado con Entusiasmo e levándose á Felicidade. Temos Ganas de ser correspondidos, facemos locuras polo marabilloso que é estar namorado. Sentimos obnubilados, nunha nube de paixóns. Pero cando alguém rompe o corazón do outro, os suspiros de amor afóganse en odio, "aqui hai tomate" pensan algúns, pero o que hai son ganas de tirarles tomates á persoas en cuestión, porque eras o único que sentía un amor verdadeiro. Ainda que mellor é a reconciliación, cando o outro pide perdón dicindo que "onde queira que esteas sempre te amará".

IRIA RODRIGUEZ E OLGA LOPEZ

## Escritores noveis

O mundo caeralle ós pés a Ana Paula cando escotara da súa nai as palabras fatídicas "non, non puedes ir". Non podía sair á festa na casa de Marta, todo o mundo estaria ali. E non era porque tivese un maior interese en ver á lercha de Marta, a pera esa fora a súa mellor amiga ata que, había tres meses a traizoara.

¿ Cal sería tan grande afrenta- pensará o avezado lector- que rompeu unha amizade que comezara no parvulario? A resposta a esta pregunta era, como non podía ser doutro modo, un rapaz. Pero non un rapaz calquera, o rapaz era nada más e nada menos que Borja Alejandro. Borja Alejandro era o rapaz absolutamente perfecto: alto, loiro, ollos verdes, o torso forte e sen pensamentos ou emocións minimamente profundas, que se soubese. A nosa belida heroína levaba prendada do lanzal mozo dende que este chegara á vila e fixo depositaria dos seus segredos sentimentos á súa mellor amiga, como é natural. E esta amiga, como é natural, presta ofreceuse a actuar de celestina, pero subrepticiamente Marta foi encandilando a Borja Alejandro e ambos comezaron a saír xuntos. A pobre Ana Paula non foi quen de supera-la súa depresión ata que os pais lle regalaron a cinta de video de Titanic.

Pero Ana Paula non olvidara a Borja Alejandro e unha semana antes da festa recibira a noticia da ruptura da súa mellor amiga e o rapaz dos seus soños. Será agora ou nunca.

Á noite planificou e executou con frialdade a fuga. Debaixo das sábanas un feixe de almofadas para facer bulto, unha cinta gravada con ronquidos soando; todo moi ben pensado. A peor parte foi ter que saltar da fiestra do seu cuarto enfundada nunhas mallas amarelas, un plumífero morado e zapatos de plataforma.

Unha vez salvado este pequeño obstáculo chegou nun periquete á casa de Marta. Ó entrar no xardín traseiro onde estaban todos, as pernas tremábanlle, tatexaba ó falar e o corazón íalle a mil latidos por segundo. O mozo desexado estaba ali, só nunha mesa de xardín, e esperando a que ela aparecese.

Ana Paula foi atravesando o xardín en sentido diagonal cara a Borja Alejandro; o momento se achegabase; o momento da verdade.

A piques de chegar á mesa do rapaz unha rubia apareceu ó lado del, chamando "cari" e o peor foi que el non a rexeitou senón que a abrazou e deulle un bico longo e apaixonado. Entón sentiu que toda a súa cara tornábase encarnada e todos mirábana con pena, algúns, e burla, outros.

De pronto notou unha vibración no peito e durante un segundo desexou que aquela vibración fose un ataque cardíaco que rematase fulminicamente coa súa existencia. Morería de amor, doce tormento, como Xulieta naquela película de Leonardo DiCaprio. Aquela vibración non era ningún dolor cardial senón... un mensaxe no seu móvil que dicía: "PRESÉNTATE DE INMEDIATO NA CASA"

PD: queremos agradecer a contribución que fixeron ó relato á nai de Dani e os seus deliciosos buñuelos e ó seu irmán que amenizou o proceso de escritura coa súa imitación de "POZÍ".

NOEL BLANCO E DANIEL CASTRO

## Escritores noveis (2)

Esta é a historia  
Dunha moza que buscou  
Onde as montañas nacen,  
Onde as sombras brillan,  
Onde o río crece,  
Por ve-lo seu amor.

-Son Valentino, sabio,  
axúdame, piedade,  
que só son unha moza  
sen ganas de amolar  
neste, teu día,  
que de amor está cheo,  
San Valentino, tráeme meu ben

-Mais pensa Valentino,  
eu estaría tamén leda,  
soamente con que  
meu motivo de ser me troxeras  
pido pouco, velo unha vez  
para que nos seus ollos  
me poida perder.  
San Valentino, tráeme meu ben.

- San Valentino, santo,  
xa non aturo máis,  
sen senti-lo meu amigo  
ó meu carón unha vez máis  
porque me falta o alento,  
coma un bafo de morte,  
San Valentino, tráeme meu ben.

A historia remata  
Cun feliz final  
Xa que San Valentino á moza  
Non lle quería fallar  
Buscou o seu amor preto das sombras  
E canda a moza o levou  
Para que xuntos puideran pasar  
Este día de amor.



## Amoróscopo do Loróscopo

Aries: A onda de S. Valentín influirá positivamente e conquistarás a esa persoa que ocupa o teu corazón. ¡iso si, a base de flores!

Touro: Os teus cornos brillarán pola súa ausencia. Xenial con tódolos signos menos con aquellas persoas que sexan coma ti, dispostos a ligar.

Xéminis: Estás dubidando entre dous amores que te corresponden. Déixate guiar polo teu corazón e acertarás.

Cancer: A importancia dessa persoa comeza a diminuir. Falade e amaiñade as cousas.

Leo: Fera, e-lo rei/raiña da selva. Todo o mundo cae rendido ós teus pes. ¡ARRASANDO!

Virgo: A túa virxinal apariencia mudará por outra moito más seductora. Aprovéitaa.

Libra: Once da noite, cena romántica á luz das velas, o día de S. Valentín co teu amado. Pero... de repente, ¡soa o despertador!

Escorpio: Si te decides a demostrarlle o teu amor, caerá rendido/a ós teus pés.

Saxitario: As túas frechas dispararanse como as de Cupido e terás más dunha proposta amorosa. Apunta a un só corazón, porque se non pode ser perigoso.

Capricornio: ¿ Sábe-lo que quiere dici-la palabra amor? Se non é así, búscala no diccionario e arremete contra ela.

Acuario: Demasiados peixes no teu corazón. Tira o anzó e pesca o mellor.

Piscis: Non te engañen esos ollíños que tanto che gustan, non miran para ti, senón para ese bombón que tes detrás. déixalles o camiño libre.

NOEMÍ LORENZO, LILI PIÑEIRO E IRIA RODRIGUEZ.

# NAS VERZAS

## & Parellas que fan historia

G	O	Z	D	N	A	T	E	I	L	U	J
C	R	I	S	T	I	N	A	V	E	L	N
A	G	R	B	D	O	N	A	L	D	A	I
M	D	N	A	T	S	I	R	T	U	M	R
P	Y	O	T	S	M	O	T	E	W	A	A
L	A	S	I	D	E	J	A	P	Y	L	G
O	T	S	I	L	A	C	P	A	R	O	N
D	E	N	E	A	S	G	O	N	A	T	A
I	F	M	U	V	D	A	E	I	L	S	O
D	E	N	U	T	N	I	L	C	L	A	R
H	L	A	B	R	O	D	C	P	I	U	V
U	M	E	L	I	B	E	A	P	H	E	J

## O comic do loro

NON FAGAS ISTO, PARA LIGAR



IDAIA E. Z. RODA © 2002

# NAS VERZAS

¿ A quen imitan estos  
guapos raparigos?



## ¿ COMO SABER SE EL TE QUERE?

Acabouse o xogo da margarida. Descubre con estas 10 preguntas se o teu amadísimo quérete ou só está contigo por estar. Contesta sinceramente as preguntas e logo fai reconto co cadro. SORTE.

1. ¿ Chámate tódolos días?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
2. ¿ Olvida as datas importantes (aniversarios, cumpleaños...)?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
3. Cando está contigo ¿ piropea a outras?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
4. ¿ Pasa todo o sábado contigo?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
5. Cando rifades ¿ acabades cabreados e sen falarvos?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
6. Cando se enfada, ¿ faino sen darche explicacións?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
7. Se non fas o que el quiere, ¿ picase todo?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
8. Cando lle contas un problema, ¿ adormece?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
9. ¿ Sempre che foi fiel?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra
10. ¿ É cariñoso contigo?
  - a. Si
  - b. Non
  - c. Cando lle cadra

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
a	3	1	1	3	1	1	1	3	3
b	1	3	3	1	3	3	3	1	1
c	2	2	2	2	2	2	2	2	2

### 23-30 ¡ QUÉRETE!

Es unha muller afortunada xa que o tes no bote, se está contigo é porque cre que es a mellor do mundo. Este día de S. Valentín vai se-lo mellor da súa vida amorosa, espera o mellor e que o voso amor dure moito.

### 15-23 ¡ CANDO LLE CADRA!

O teu caso é moi raro (bueno non tanto, sabendo que agora todos son iguais...), se lle cadra está contigo, e se lle cadra está con outra así que fai o mesmo ( se che cadra, claro).


### 10-15 NON TE QUERE

Mala sorte pode dicirche que te quiere todo o que quiera, pero ese tío non te quiere, está contigo por estar. Non sexas tonta, seguro que mereces algo mellor. Ánimo non te desanimes.

CARMEN PARGA


## Os alumnos queren saber quen é...

### O profesor más simpático




1. RAFA	21%
2. J.LUIS	20%
3. PORTA	19%
4. FELIX	15%
5. CARNEIRO	13%
6. J.CARLOS	6%
7. OLGA L.	6%

### O profesor que mellor explica



1. J. CARNEIRO	57%
2. OUTROS	16%
3. RAFA	10%
4. J.LUIS	10%
5. M.JOSE	10%

### O profesor más xusto



1. CARNEIRO	27%
2. RAFA	24%
3. J.LUIS	18%
4. OLGA L.	14%
5. J.CARLOS	11%

O resto dos profesores que non aparecen aquí que non se desanimen e que intenten mellorar un pouco. Aínda así dámossalles un aprobado.

Vero Fernández Varela

**COLABORADORES:** Vero Fdez, Santi Malvárez, Carmen Ríos, Carmen Parga, Vanesa Espiñeira, Jorge, Iago Roca, Clara Prego, Noemí Lorenzo, Lili Piñeiro, Noemí Iglesias, Iria Rguez, Pa't, Noel blanco, Dani Castro, Olga López, X.Luis Mosquera, Pilar García, Anxos García, Beatriz Martínez, Manuel Porta, Juan Amot.

